

## **BASES PARA O I CONCURSO FOTOGRÁFICO CEMITERIO DE SAN FROILÁN: ESTAMPAS DE PAZ E ACOUGO**

### **1. Participantes**

Poderá participar no concurso calquera persoa maior de idade que o desexe.

### **2. Prazo de inscrición**

Desde o 28 de outubro ao 5 de novembro.

### **3. Temática**

A temática versará sobre o Cemiterio Municipal de San Froilán, con especial relevancia dos seus aspectos monumentais, paisaxísticos e singulares, así como a captación da sensación de paz e harmonía que impregna todo o recinto.

### **4. Obras**

- Cada participante poderá presentar un máximo de tres fotografías inéditas e orixinais para este evento; non poderán estar publicadas en calquera medio con anterioridade á data de convocatoria.
- Cada fotografía achegarase impresa en soporte ríxido (cartón pluma ou similar) en formato 18 x 24 cm, ou superficie aproximada.
- A persoa concursante indicará o título que decida darlle a cada fotografía ou, no seu caso, o texto para incluír no catálogo (máximo de 20 palabras en galego).
- As fotografías poderán realizarse pola persoa concursante no horario de apertura ao público do recinto, que o día 4 será ampliado ata as 21 horas a fin de facilitar a toma de imaxes nocturnas.
- Para unha mellor coordinación da toma de fotos nocturnas, deberase obter a oportuna acreditación no Negociado de Cemiterio ata o mesmo día da toma, o día 4.
- As fotografías poderán ser en cor ou branco e negro.
- Non se permite o retoque de imaxes para engadir ou eliminar elementos, mesturar varias fotos ou modificar a súa composición orixinal, de modo que a imaxe non se identifique coa realidade.
- Permítese o retoque de revelado dixital (niveis, curvas, ton-saturación, sombras-luz, virado) e utilizar filtros con degradados ou densidade neutra.

### **5. Presentación**

- Os traballos presentaranse no Negociado de Cemiterio ata as 14 horas do día 5 de novembro.

- Irán nun único sobre dirixido ao Negociado de Cemiterio coa seguinte indicación: I Concurso Fotográfico Cemiterio de San Froilán: “Estampas de paz e acougo” e un pseudónimo co que se inscribirá nun rexistro especial para o concurso.
- O sobre conterá outros dous sobres pechados: o sobre A coas obras que se presentan a concurso, no formato establecido, e o sobre B que conterá os datos da persoa concursante: nome e apelidos, número de documento de identidade, enderezo e teléfono de contacto.

## **6. Xurado**

O xurado estará composto polo Concelleiro Delegado da Área de Servizos Xerais, un membro do servizo de cemiterio e por un membro de recoñecido prestixio no ámbito da fotografía.

O xurado resolverá calquera incidencia que puidese xurdir durante o concurso e terá plena potestade para interpretar estas bases.

Poderá declarar deserto o premio se considera que as obras presentadas non reúnen as calidades artísticas mínimas.

O seu fallo é inapelable e definitivo, e será publicado no Taboleiro de Edictos do Concello, na súa páxina web: <http://www.lugo.es/ws/cemiterio/> e nas redes sociais.

## **7. Premios**

Establécense os seguintes premios:

Primeiro premio, dotado de 200 euros en metálico e un trofeo.

Segundo premio, dotado de 100 euros en metálico e un trofeo.

A entrega de premios farase o día 12 de novembro no transcurso do Concerto da Lembranza 2013 que terá lugar na capela do Cemiterio Municipal de San Froilán.

## **8. Dereitos de autor**

As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo.

As obras non premiadas poderán ser retiradas polas persoas concursantes transcorridos dous meses desde o fallo do concurso. Os traballos non retirados pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo.

Os autores e as autoras das obras enviadas autorizan ao Concello para a súa reprodución, así como para a súa difusión, publicación e utilización para fins públicos, sempre con mención da súa autoría e respectando os dereitos de autor.

## **9. Aceptación das bases**

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha destas bases e a manifestación ante o Concello de que a obra presentada é inédita e orixinal para este evento, e que a persoa concursante é a súa única autora e titular de todos os dereitos de autor.

#### **10. *Exposición das fotografías***

Co fin de contribuír á promoción do Cemiterio de San Froilán, as fotografías presentadas serán expostas na capela do Cemiterio, nas datas e horas que publicamente se indiquen e na páxina web do Concello <http://www.lugo.es/ws/cemiterio/>.